



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfno. 29 00 00

Data	01/07/1996	Referencia	Exp. 322	Destinatario	
Asunto	Resolución de expediente de calificación de monte veciñal en man común.			Sr. Xefe do Servicio de Montes e I.F.	



Aos efectos oportunos poño no seu coñecemento a Resolución do expediente de calificación nº 322 do monte "De Montellos", do lugar de Montellos, parroquia de Eirón, concello de Mazaricos, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 1 de xullo de 1996:

"Reunido na data 1 de xullo de 1996 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial de A Coruña, os Vocais, D. Federico Sánchez Rodríguez, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Ramón Olano Calleja, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados de A Coruña e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación. O vocal D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común xustificou a súa ausencia por motivos laborais. Reunidos nesta data para estudar e resolve-lo

Expediente nº 322
 Monte: De Montellos
 Lugar: Montellos
 Parroquia: Eirón
 Concello: Mazaricos

1º RESULTANDO que diversos veciños de Montellos, parroquia de Eirón, concello de Mazaricos, solicitaron con data 21/10/1994 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 40,60 Ha.

Lindeiros: É parte do monte "Outeiro e outros", nº 103-G do C.U.P.

NORTE: Con propiedades particulares dos veciños de Montellos, desde o piquete nº 69 ao 70 seguindo a orde de piquetes. Con camiño que vai de Montellos a Santabaia, que o separa de propiedades particulares de vecinos de Montellos, desde o piquete nº 70 ao 73

LESTE: Con muro que o separa de propiedades particulares dos veciños de Casais, desde o piquete nº 73 ao 82, seguindo a orde de piquetes.

SUR: Con termo do Concello de Negreira, desde o piquete nº 82 ao 84 seguindo a orde de piquetes. Con propiedades particulares de veciños de Montellos desde o nº 84 ao 92 seguindo a orde de piquetes. Con termo do Concello de Negreira desde o piquete nº 92 ao 95 seguindo a orde de piquetes. Con monte da parroquia de Chacín, desde o piquete nº 95 e seguindo a liña do deslinde ata o punto de intersección co camiño que vai desde Montellos a Santabaia.

OESTE: Co resto do monte "Outeiro e outros", deste último punto e seguindo o camiño que vai de Montellos a Santabaia ata o piquete nº 68, e deste ao nº 69.

2º RESULTANDO que á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 01/12/1994, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Federico Sánchez Rodríguez, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedíuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 247 de 28/12/1995), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

3º RESULTANDO que os veciños de Montellos fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que veñen aproveitando de forma consuetudinaria en réxime de comunidade sin asinación de cotas segundo os usos e costumes o monte correspondente a dito lugar. Presentan escrituras con referencias aos montes de dito lugar.

Tal petición é apoiada favorablemente polo acordo do Pleno do Concello de Mazaricos de data 29 de xullo de 1994.

4º RESULTANDO que ante o presente expediente foi formulada por D. Valentín González García unha reclamación, alegando sé-lo propietario de tres fincas situadas no monte solicitado polos veciños de Montellos, presentando a tal fin diversos documentos de carácter privado.

5º RESULTANDO que na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, eisixidas principalmente pola Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

Celebrada sesión no día de hoxe, á que se citaron en legal forma tódolos interesados no expediente, compareceron e oíronse as representacións dos promotores, así como D. Valentín González, ratificándose nas súas respectivas alegacións. Na mesma sesión, os solicitantes proponen a modificación dos lindeiros, por afectar a monte non pertencente á comunidade. A citada proposta é aceptada polo Xurado e xa incorporada ao expediente no Resultando 1º.

VISTOS os preceptos das disposicións citadas e demais de xeral aplicación.

1º CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos arts. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º CONSIDERANDO que en conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Montellos, parroquia de Eirón, concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º CONSIDERANDO que respecto á alegación formulada por D. Valentín González García, o Xurado decide desestimala, ó considerar que os documentos que aporta non son suficientes para acreditar a propiedade das tres fincas reclamadas, nin é da súa competencia o recoñecemento do pretendido.

4º CONSIDERANDO que o monte debe reunir as seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asinación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (arts. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

5º CONSIDERANDO que das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no 3º Resultando, dedúcese de forma indiscutible que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal de Montellos, parroquia de Eirón no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, nesta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de Montellos, parroquia de Eirón, concello de Mazaricos, o denominado Monte "De Montellos", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro Resultando. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes de A Coruña".


A Coruña, 1 de xullo de 1996

Vº e Pr.
O PRESIDENTE,




Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

O SECRETARIO DO XURADO,



Asdo. Manuel Puentes Araújo






CABIDA PARCELA I 10,15 Has.
 CABIDA PARCELA II 14,32 Has.
 CABIDA PARCELA III 312,80 Has.
 TOTAL 337,27 Has.

CABIDA ENCLAVADO A 1,95 Has.
 CABIDA ENCLAVADO B 12,10 Has.
 CABIDA ENCLAVADO C 0,56 Has.
 CABIDA ENCLAVADO D 2,25 Has.
 TOTAL 16,86 Has.

DESLINDE TOTAL DEL MONTE
"OUTEIRO Y OTROS"
 Nº 103G DEL CATALOGO DE LIP
 PARROQUIA DE SAN FELIX DE EIRON
 AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS
 ESCALA 1:5.000



CABIDA TOTAL	337,27 Has.
CABIDA ENCLAVADOS	16,86 Has.
CABIDA PUBLICA	320,41 Has.

LA CORUÑA NOVIEMBRE DE 1961
 EL INGENIERO OPERADOR

H. Gómez